



CAMPIONATO DE GALICIA DE SLALOM 2023

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



deportes GUITIRIZ

REGULAMENTO PARTICULAR

**PROBA: IV SLALOM CONCELLO DE
GUITIRIZ**

GRAN PREMIO: RUTA DA AUGA

PROVINCIA: LUGO

DATA: 06/05/2023



ORGANIZACIÓN:

A Escudería Scratch Fene, organiza o IV Slalom Concello de Guitiriz Gran Premio "Ruta da Auga" o día 6 de maio de 2023, unha proba de carácter nacional, puntuable para o Campionato de Galicia de Slalom.

Esta proba de Slalom disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2023, o regulamento xeral do Campionato de Slalom, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día **06-03-2023**. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA-005-SL**.

DEFINICIÓN. Un slalom é unha proba de habilidade ó volante, que se desenrolará sobre un pavimento plano, asfaltado, encementado ou co 20% en superficie en terra, que comporta cambios de dirección marcados preferentemente por obstáculos, como conos ou portas.

VEHÍCULOS ADMITIDOS: Admitiranse os vehículos de:

-Condicións que deben reunir as probas; deben prever, como mínimo, as seguintes clases:

AGRUPACIÓN I: ata 1.200 c.c. (Tracción dianteira, calle e competición).

AGRUPACIÓN II: Desde 1.201 a 1.600 (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN III: A partir 1.601 c.c. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN IV: Tódalas cilindradas (Tracción traseira).

AGRUPACIÓN V: Tódalas cilindradas (Tracción total).

AGRUPACIÓN VI: Vehículos eléctricos 100% ata un máximo de 80kw (de calle).

- Deberanse establecer, como mínimo, as seguintes clasificacións:

1.- Unha clasificación Xeral Scratch para o Campionato.

2.- As Entidades Organizadoras deberán adoptar para cada proba as normas de organización, e seguridade establecidas polo Regulamento Xeral de Slalom, da F.G. de A., e polo C.D.I.

3.- Características dos vehículos da COPA INICIACIÓN:

- Vehículos atmosféricos de tracción, de estrita serie e con cilindrada máxima 1.200cc.

- Non se pode modificar motor de serie (árbores de levas, carburadores,...)

- Non se pode modificar admisión de serie.

- Non se pode modificar a centralita de orixe.

- Deberá contar con tódolos reforzos de serie de portas, capos e demais elementos da carrocería.

- Non se pode variar a relación de cambio de serie.

- Sen autoblocante.

- Será necesario ter asentos, tapizados, bandexa,... O asento de condutor de serie ten que estar inmovilizado-fixo (sen corredeira), permitíndose asento deportivo tipo baket, con arneses de catro a seis puntos de ancoraxe.

- Sen barras antivolco.

- Sen separadores.

- Con pneumáticos de calle e de grandes series: prohibición de pneumáticos M+S de neve ou terra.

- Con suspensión tipo calle (que pase a ITV: tipo Selex, Koni,..). Non se permite suspensións homologadas de tipo roscado in botellas independentes.



- Non se poderá modificar estabilizadoras dianteiras nin traseiras: diámetros,...
 - No caso de levar barras de torsión, non se poderá modificar o diámetro destas.
 - No caso de levar ballestas, non se poderá modificar o número destas.
 - Non se pode modificar colectores de escape. Permítese a modificación do sistema de escape, por outro que teña a homologación CE/E9, e cos sistemas de catalizado correspondentes: válido para pasar a ITV.
 - Con ITV en vigor.
 - Permítese a modificación do volante.
 - Non se permite que leve roda de reposto.
- NOTA: todo o non establecido neste documento está prohibido.

Poderán participar toda clase de vehículos de turismo, con carrocería pechada ou teito duro, dun mínimo de dúas prazas e que estean homologados, que proveñan de series de fabricación e en posesión da I.T.V. e seguro obrigatorio (SOA).

Autorízase o uso de pneumáticos de competición (slicks ou similares), e prohíbese a utilización dos denominados de: tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.

SEGUROS: Os organizadores contratarán unha póliza de seguros nas condicións marcadas pola F.G.de A. que garanta unha cobertura mínima segundo a regulamentación vixente (Lei circulación).

CONCURSANTES ADMITIDOS: Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

INSCRICIÓNS: As solicitudes de inscrición admitiranse ata o **01/05/2023** as 20 horas, e a organización remitirá copia á Federación Galega de Automobilismo, por correo ou Fax, antes da celebración da mesma.

O peche de inscricións realizarase, con data límite, cinco días (luns) antes do principio da proba. A relación completa de inscritos, coa adxudicación do número de orde, será aprobada e autorizada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo, despois de comprobar tódalas directrices, para a súa publicación con tres días de antelación ó comezo da proba.

Dereitos de inscrición: 85 €. Aceptando a Publicidade facultativa.

170 €. Non Acepta a Publicidade facultativa.

As solicitudes de inscrición deberanse remitir vía e-mail a:

Entidade Escudería Scratch Fene

e-mail: edvilo@hotmail.com

Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos en:

Entidade **ABANCA** número de conta **ES24 2080 5213 4030 4000 3955**

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

CIRCUÍTO: O circuío de asfalto plan redial nacional, estará emprazado nas inmediacións do Campo da Feira, no Concello de Guitiriz.



DESENROLO DA PROBA:

DATA	HORA	ACTO	LUGAR
06/04/2023	10:00	Apertura inscricións	Escudería Scratch Fene
01/05/2023	20:00	Peche Inscricións	
06/05/2023	10:00	Publicación lista de inscritos	RRSS Scratch Fene
	08:30 a 10:15	Verificacións Administrativas	Oficina de carreira
	08:30 a 10:15	Verificacións Técnicas	Campo da Feira
	10:30	Hora límite de presentación dos vehículos no parque de custodia	Campo da Feira
	11:00	Publicación lista de autorizados a tomar a Saída	Taboleiro de Anuncios
	10:45	Briefing aos Pilotos	Campo da Feira
	11:00	Saída 1º Participante 1ª Manga Adestramentos	
	A continuación	Saída 1º Participante 2ª Manga Adestramentos	
	16:30	Saída 1º participante 1ª manga oficial	
	A continuación	Saída 1º participante 2ª manga oficial	
	20:30	Publicación de Resultados	
	21:00	Rolda de prensa dos 3 Primeiros Clasificados	Campo da Feira
	21:15	Entrega de premios	Campo da Feira

Nota: Levantamento vehículos parque pechado: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deviñer en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques pechados,** sen ter que esperar ás entregas de premios.

OFICIAIS DA PROBA:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Manuel Vigo López CD-0285-GA-AUT

Comisarios Deportivos:

Presidente D. Manuel Vigo López CD-0285-GA-AUT

D. Borja Ardá Fachal CD-0286-GA-AUT

D. Jose Luis Pereira Rodríguez CD-0350-GA-AUT

Observador da F.G.de A.:

D. Iván Bouza Lage OBS-0079-GA

Director da Carreira:

D. Édgar Vigo López DC-0284-GA-AUT

Comisario Técnico

D. Borja Goti Álvarez JOC-0289-GA-AUT

Xefe de Seguridade Vial:

D. Pablo López Barbeito DC-0290-GA-AUT

Responsable Equipos de Cronometraxe:

D. Raimundo Otero Piñón CD-0385-GA-AUT

Centros asistenciais: Centro de saúde de Guitiriz

Hospital POLUSA

HULA Hospital Universitario Lucus Augusti

e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.

Servizo de Guindastres: OPEL Talleres Pereira



Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, antes da celebración da proba. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD1ª, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

MEDICO DA PROBA: E.M.S. GALICIA

Don Manuel Vigo López, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número CD-0285-GA-AUT, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Proba

Entidade: Escudería Scratch Fene

N.I.F.:32691265P

C.I.F.:G15984321

licenza DC-0284-GA-AUT

Asdo.: Presidente D. Manuel Vigo López

licenza CD-0285-GA-AUT

SELO



Asdo.: Xefe de Seguridade Vial

N.I.F.: 32700393M

licenza DC-0290-GA-AUT

PREMIOS: A entrega de premios, será obrigatorio estar presente para ter dereito o premio.

Posición	Premio + Trofeo
1º Xeral	320,00 € + Trofeo
2º Xeral	220,00 € + Trofeo
3º Xeral	120,00 € + Trofeo
4º Xeral	100,00 € + Trofeo
5º Xeral	90,00 € + Trofeo
6º Xeral	80,00 € + Trofeo
Total	930,00 €

Entregaranse trofeos os 6 primeiros da Xeral Scratch, e os tres primeiros de cada agrupación, así coma ó primeiro de cada copa de iniciación ou debutantes. Ademáis, entregaranse **tortas de millo de Guitiriz** ós diferentes vencedores. A organización, POR PURO CONVENCEMENTO DE APOIO Ó DEPORTE FEMININO, tamén establece o seguinte trofeo especial

TROFEO FEMININO 300€

★ ★ ★ ★
IBERIK
GRAN BALNEARIO DE GUITIRIZ & GOLF



CLASIFICACIÓN: Autorízanse mangas de adestramentos adicionais a decisión do Organizador. Celebraranse mínimo 3 mangas cronometradas, unha manga de adestramentos-recoñecemento, e dúas oficiais. A participación na manga de adestramentos será **OBRIGATORIA** sen penalizacións. As **DÚAS** mangas oficiais serán **OBRIGATORIAS** e para establecer a clasificación final, só se tomará o tempo acadado na mellor das dúas mangas disputadas polo participante, e sempre con penalizacións incluídas

A non participación dun piloto nunha das mangas oficiais será motivo de expulsión da clasificación final da proba.

A cronometraxe efectuarase a milésima de segundo con células fotoeléctricas.

Para obter o tempo oficial dun participante realizarase a resta entre a hora real de chegada e a hora real de saída. O piloto terá un prazo de 10 segundos para tomar a saída dende o momento no que o cronometrador o autorice a facelo.

Na chegada, as células fotoeléctricas teranse que poñer na entrada ao “garaxe”, no que o participante deberá deter por completo o vehículo sen tirar ningún pirulo ou cono. Unha vez acadado o tempo resultante do cronómetro aplicaranse as penalizacións. No caso de empate, decidirase en favor do vehículo de menor cilindrada.

PENALIZACIÓN: Segundo describe o C.D.I., durante a proba, haberá Comisarios Deportivos debidamente licenciados, nomeados como xuíces de feitos para aplicar as faltas como segue:

FALTA	PENALIZACIÓN
Tirar un cono das lindes do garaxe	5 Segundos
Sobrepasar a raia final do garaxe ou non entrar nel	5 Segundos
Non face-lo stop, ou sexa, non parar totalmente dentro do garaxe	5 Segundos
Por saída falsa, penalizarase por cada segundo de adianto	10 Segundos
Por desprazar ou tocar un cono ou pau da porta	10 Segundos
Por non pasar unha porta, ou pasar un cono polo lado contrario, ou non efectuar unha volta completa (por cada falta). A acumulación de dúas destas faltas, na mesma manga, suporá a exclusión da mesma, pero validando a participación sen tempo	20 Segundos
Por non efectuar o percorrido marcado	60 Segundos
Por recortar os números ou varia-lo lugar destinado	60 Segundos
Por desacato ou menosprezo a un comisario	EXCLUSION
Por recibir axuda do exterior	EXCLUSION
Por condución agresiva ou perigosa	EXCLUSION
Non cumprimento das normas de parque de custodia ou de traballo	EXCLUSION

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS			
REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
UNICA	06 de maio de 2023	8:30	SALA DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS



ADVERTENCIA: O croques terá que ser o mesmo ó que se leve a bo termo o día da proba, baixo a exclusiva responsabilidade do Director da proba e do Presidente da Entidade Organizadora, así como do Xefe de Seguridade Vial.

NOTA: Ante a proliferación do incumprimento da normativa, **en materia de non axustarse o percorrido tipo de Slalom**, e de facer unha mini proba de velocidade con portas, a Comisión de Slalom acorda: O Observador, inspeccionará o trazado antes da celebración da proba, e terá plenos poderes para evacuar un informe vinculante que poderá iniciar expediente de anulación da proba do Campionato de Galicia de Slalom 2023; con posterior traslado da denuncia ó T.G.A. da Federación Galega de Automobilismo. Informase que o citado informe do Observador pode conlevar que a proba non puntúe nin bloque resultados, quedando anulada do Campionato de Galicia de Slalom 2023, a tódolos efectos; con posibilidade de esixir danos colaterais dos pilotos ós organizadores.

TRAZADO DO CIRCUITO CON DISTANCIAS

